

## **COMISIÓN INFORMATIVA DE RETO DEMOGRÁFICO, IGUALDADE, BENESTAR E EMPREGO**

ACTA da mencionada comisión informativa, correspondente ao día **20 de abril de 2023**

Ás 17.04 horas do día 20 de abril de 2023, reúnese a Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego, na sala de xuntas da Deputación Provincial, coa asistencia dos seguintes deputados e deputadas:

**Presidente:** D.<sup>a</sup> Luz Doporto Real

**Deputados/as do Grupo Popular:**

D.<sup>a</sup> Consuelo Vispo Seara

D. Álvaro José Fernández López

D. Ana Patricia Torres Madureira

D. César Manuel Fernández Gil

**Deputados/as do Grupo Socialista:**

D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Estévez

D.<sup>a</sup> Margarita Pérez Fernández

D. Álvaro Vila Araújo

**Deputado de Democracia Ourenzana:** D. Armando Ojea Bouzo

**Deputado do BNG:** D. Bernardo Varela López

**Deputada non adscrita:** D.<sup>a</sup> Montserrat Lama Nóvoa.

**Secretario:** D. Adamantino Barreiro García

**Interventora:** D.<sup>a</sup> Begoña Álvarez Matos

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación:

### **1º.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 23 DE MARZO DE 2023.-**

Pola Secretaría Xeral deuse traslado do borrador da acta anterior, correspondente á ordinaria do día 23 de marzo de 2023.

Non se producen intervencións e por unanimidade a comisión adopta o seguinte acordo:

Aprobar a acta da sesión ordinaria da Comisión Informativa de Reto Demográfico, Igualdade, Benestar e Emprego do día 23 de marzo de 2023, conforme co borrador elaborado pola Secretaría Xeral.

**2º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA IMPULSAR AXUDAS ÁS FAMILIAS DE NENOS E NENAS CON ENFERMIDADES ONCOLÓXICAS QUE DEBEN SER TRATADOS FÓRA DA PROVINCIA DE OURENSE.-**

**D. Bernardo Varela López, do BNG,** indica que é un tema complicado, non polo fondo do asunto. É unha cuestión que afecta a todas as familias que teñen este problema e que ninguén desexa. Pero terían que darse uns criterios de carácter socio-económicos, porque hai familias que por sorte poden afrontar unha situación deste tipo e outras non o poden afrontar economicamente. É unha postura reiterada do seu grupo que entende que é unha cuestión propia da Xunta de Galicia, porque é a responsable da sanidade e entenden que isto é parte da atención socio-sanitaria do menor. Se o menor debe desprazarse a Vigo, ou á Coruña ou a Madrid ou Barcelona, o acompañamento familiar é parte da curación dese rapaz. Ve lóxico que estea dentro do ámbito de actuación do SERGAS ou do Ministerio de Sanidade se vai máis alá do ámbito das comunidades autónomas. Considera que iso sería o óptimo e normal e non achacalo as entidades locais. Este tema das enfermidades oncolóxicas de nenos e nenas é complexo e complicado e ve difícil non apoiar esta moción. Farán unha reflexión e seguramente apoiará a moción. Pero considera que deberían pelexar todos para que Ourense teña os mesmos servizos que o resto das provincias da Comunidade Autónoma. Pero ás veces iso é inviable, e cando iso se produza, que esa necesidade de acompañamento familiar se vexa apoiada dende a entidade pública responsable das competencias sanitarias, que é a Xunta de Galicia dentro da Comunidade Autónoma e o Ministerio como elemento coordinador dentro do Estado Español.

**A presidenta da comisión** indica que deixará o tema para unha reflexión máis profunda, é un tema moi sensible e deixan a súa posición de voto para o Pleno.

**Dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista,** engade que nós, como o resto das provincias, temos dereito a contar cos mesmos servizos sanitarios que teñen noutras provincias. Non se trata que teñan profesionais, temos sesenta profesionais como indica a moción, pero non hai a especialidade de oncoloxía pediátrica neste momento. Hai oncólogos e temos un servizo con eses profesionais e cree que falla intención de crear esa área de

oncoloxía pediátrica específica para eles, para os nenos e nenas que poidan ter esa enfermidade na nosa provincia e poder ser atendidos aquí. Considera que é grave non ter onde durmir preto do hospital onde están atendendo ao teu fillo ou filla, senón tamén ter que desprazarte continuamente o resto dos familiares que queren acompañar ao neno ou á nena para visitalo/a e darlle apoio neses momentos e o cariño da unidade familiar. Considera que nunca o pensamos porque ao mellor nunca nos tocou de cerca, pero se nos tocara, crearíamos que é unha necesidade. Engade que non debemos esquecer que falamos de nenos e nenas que teñen que desprazarse moi lonxe do seu lugar, e poden ter en períodos máis estables posibilidades de regresar ao seu fogar e estar una temporada coa familia e despois regresar para o tratamento. E se están moi lonxe da súa casa e máis dificultoso. Deberíamos loitar todos para que, a quen lle corresponda tomar esta decisión, habilite esa unidade de oncoloxía aquí no hospital xa que hai profesionais, que xa é un paso importante, e entre todos deberíamos facer forza para conseguir que exista esa unidade.

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Socialista (3) e a abstención do Grupo Popular (5), de DO (1), do BNG (1) e da deputada non adscrita a comisión ditamina favorablemente a adopción, por parte do Pleno, do seguinte acordo:

1. O pleno da Deputación Provincial de Ourense insta ao goberno provincial a aprobar axudas económicas, mediante a fórmula legal que mellor aconsellen os técnicos, destinadas ás familias de nenos e nenas residentes en Ourense, afectados ou afectadas por enfermidades oncolóxicas, que se ven obrigadas a desprazarse a outras provincias para que os seus pequenos e pequenas sobreviván.

2. O pleno da Deputación Provincial de Ourense insta á Xunta de Galicia a reequilibrar o sistema galego de atención sanitaria no ámbito da oncoloxía pediátrica, creando no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO) unha unidade específica para este servizo, de referencia interprovincial e que atenda aos nenos e nenas enfermos de cancro de todo o interior da comunidade autónoma, evitando que a duplicidade nunha mesma provincia provoque que outras dúas carezan desta prestación, motivando adversos e prolongados desprazamentos forzosos das familias afectadas

**3º.- MOCIÓNS DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-** Nesta quenda prodúcense as seguintes intervencións:

**Dona Margarita Pérez Fernández, Grupo Socialista,** indica que estivo lendo a valoración do I Plan de Igualdade e non coñece quen fixo a valoración, que técnicos ou empresa está a elaborar o II Plan, pregunta quen fixo esa valoración.

A **presidentia da comisión** responde que a valoración final a fixo parte do Comité de Igualdade e parte a empresa que elaborou o actual.

**Dona Margarita Pérez Fernández, do Grupo Socialista,** non aparece quen foron os responsables desa valoración.

A **presidenta da comisión** responde que non é obrigatorio que aparezan.

E, ás 17.29 horas, dáse por finalizada a reunión, redactándose a presente acta que se sinará electronicamente. Dou fe.